



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

Comunicado nº 11
CONVENIO DE AFORRO

A Asemblea de delegados/as de Aforro dá un SI ao Preacordo pero con matices

O preacordo recolle parte das reivindicacións da CIG para os colectivos menos beneficiados.

Este convenio representa o triunfo dun modelo sindical baseado na reivindicación e na loita sindical. Outro modelo de Convenio é posible.

Os auxiliares que reclamaron ante as empresas fixeron posible modificar unha situación inxusta.

Convocaremos asembleas para explicar a aplicación e tomar unha decisión en común

O día 25 novembro, os delegados/as do sector de aforro da CIG reunidos en Asemblea aprobaron un si crítico a este preacordo.

Este convenio, malia o ámbito estatal, representa o triunfo do noso modelo sindical, a reivindicación e a loita como medio de conquistar melloras tanxibles para os traballadores/as. Outro modelo de convenio é posible, podemos rachar coa dinámica de perdas na negociación colectiva para recuperar dereitos.

- **Recuperamos parcialmente as pagas para o persoal de nova entrada.** Este dereito fora inexplicamente liquidado no Convenio 95-97.
- Créase unha carreira profesional. **Os/as auxiliares compran o ascenso coa súa antigüidade, cámbianse trienios por salario base.** Continuarán facendo o mesmo traballo que os antigos Oficiais Primeira e Superiores, recibindo menos salario. Pero reducimos a fenda que os separaba.

Agora queda o máis difícil: redactar o texto definitivo e posteriormente negociar a aplicación do mesmo en cada unha das empresas. **Hai que renegociar practicamente tódolos acordos existentes a nivel de empresa.**

Mais o **Convenio ten puntos “negros” dos que os demais sindicatos no seu triunfalismo non queren falar.** A antigüidade no sector queda seriamente tocada. Xa non é un dereito de todo o persoal. Por outra banda os novos apoderados/as terán salarios máis baixos.

En vindeiras datas convocaremos asembleas de traballadores/as co fin de explicaros a aplicación do mesmo e para facervos copartícipes da nosa decisión final de asinar o Convenio definitivo.

Galiza, novembro de 2003